



A APDR SOLICITA A PARALIZACIÓN DO PROCESO DE RENOVACIÓN DA AAI A ENCE

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra vén de facer entrega na Consellería de Medio Ambiente dun escrito no que se solicita:

- 1º.- Que se paralice o proceso de renovación da AAI ao GRUPO EMPRESARIAL ENCE S.A. e se proceda á anulación de todos os trámites realizados neste expediente.
- 2º.- Que se reinicie o procedemento da concesión da AAI ao GRUPO EMPRESARIAL ENCE S.A. de acordo ao establecido na Lei 16/2002 de Prevención e control integrados da contaminación, que regula a concesión das AAI, esixíndolle –como ao resto das empresas- a solicitude do Informe de compatibilidade co planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra.

Fundamenta a APDR a súa solicitude na recente sentenza do Tribunal Supremo que ANULA O ACORDO DE SUPRAMUNICIPALIDADE DICTADO POLA XUNTA DE GALICIA o 26 de decembro de 2003 e TODAS AS DECISIONS ADOPTADAS EN VIRTUDE DA APLICACIÓN DO CITADO ACORDO. Neste sentido, a APDR lembra que a Xunta de Galicia concedeu a AAI a ENCE sen que no expediente presentado polo empresa figurase a solicitude do Informe de compatibilidade urbanística do que xa falamos, unha solicitude que é absolutamente necesaria para a tramitación da Autorización Ambiental.

E baseaba o goberno galego a súa decisión na innecesariedade do citado Informe ao entender a supremacía do Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal denominado asentamento industrial de Lourizán sobre o planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra, circunstancia que entendía reforzada nunha sentenza do TSXG que fallaba neste sentido e pola vixencia do antedito Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal. Pois ben, quédase agora a Xunta de Galicia sen argumentos ao entender o Supremo que a consideración da supremacía do Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal de Lourizán sobre o planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra non resulta respectuosa coa garantía institucional da autonomía do Concello no que está emprazado, e que a exención de licenza urbanística e de calquera outra forma de control municipal preventivo non se pode estender máis alá da planta de tratamento de efluentes, obrigando ao TSXG a revisar os seus fallos neste sentido, ao tempo que anula o Proxecto Sectorial.

Ao tempo, a APDR chama a atención sobre unhas recentes declaracións do Conselleiro de Medio Ambiente nas que afirma que a sentenza se limita a dicir que o acordo de supramunicipalidade non foi publicado axeitadamente, unha interpretación da sentenza que desde o punto de vista xurídico é unha absoluta barbaridade, e que para o movemento social que loita pola desaparición do complexo ENCE-ELNOSA da Ría, só se pode entender no caso de existir un total sometemento da Consellería aos intereses da empresa ENCE.

Pontevedra, 25 de maio de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.